

Amigos de la Ópera de Vigo PRESENTA



# Outono lírico 2012+1

## ÓPERA en VIGO

4 outubro - 22 decembro

**EL AMOR BRUJO**  
MANUEL DE FALLA  
4 de outubro, 20.30 horas

**IL TROVATORE**  
G. VERDI  
22 de decembro, 20.30 horas

**LA DEL MANOJO DE ROSAS**  
PABLO SOROZABAL  
9 de novembro, 20.30 horas

venda de entradas  
[www.servinova.com](http://www.servinova.com)  
902 504 500

**AS PAIXONS DE VERDI E WAGNER**  
SEGUNDO LISZT

Severino Rey Ortiz, piano  
Paráfrase de Liszt sobre as óperas de Verdi  
25 de outubro, 20.30 horas  
Auditorio Martín Codax do Conservatorio Superior de Música de Vigo **ENTRADA LIBRE**

**Ciclo de conferencias:**  
**NO CREPÚSCULO DO BICENTENARIO**  
VERDI-WAGNER

Guillermo García Alcalde:  
Wagner en imaxes: as mellores escenografías do século XXI  
4 de novembro, 20.00 horas  
CLUB FARO DE VIGO, Auditorio do Areal **ENTRADA LIBRE**

Anne Boëls, piano  
Paráfrase de Liszt sobre as óperas de Wagner  
29 de novembro, 20.30 horas  
Auditorio Martín Codax do Conservatorio Superior de Música de Vigo **ENTRADA LIBRE**

Andrea Merli: O Verdi hispánico  
8 de novembro, 20.30 horas  
Auditorio Delegación Xunta de Galicia.  
Rúa Concepción Arenal -Montero Ríos **ENTRADA LIBRE**

**Mesa redonda:**  
**Il Trovatore de Verdi. A eterna Lei do Desexo**  
Victoria Stapells, Arturo Reverter, Carlos E. Pérez, J. M. Miranda e Daniel Diz  
18 de decembro, 20.30 horas  
Auditorio Delegación Xunta de Galicia.  
Rúa Concepción Arenal -Montero Ríos **ENTRADA LIBRE**



Amigos de la Ópera de Vigo PRESENTA

# Outono lírico 2012+1

## Paráfrase de Liszt sobre as óperas de Wagner

Anne Boëls, piano  
29 de novembro de 2013, 20.30 horas  
Auditorio Martín Codax do Conservatorio Superior de Música de Vigo



# AS PAIXÓNS DE WAGNER SEGUNDO LISZT

O termo “paráfrase”, creado polo propio Liszt, denomina a adaptación dun ária ou dunha escena concreta dunha ópera para piano na que, sobre unha base melódica concreta e recoñecible, Liszt varía o orixinal engadindo ornamentos propios pero conservando a súa esencia e respectando o dramatismo da peza tratada.



*"A música é o corazón da vida. Por ela fala o amor; sen ela non hai ben posible e con ela todo é fermoso"*  
(Franz Liszt).

## Programa

- Coro dos peregrinos, de Tannhäuser (Liszt)
  - Xogos de auga na Vila d'Este (Liszt)
  - Romanza do luceiro vespertino, de Tannhäuser (Liszt)
  - Allegro de concerto (Granados)
- 
- Abertura de Parsifal (Rubinstein)
  - A illa alegre (Debussy)
  - “A morte de Isolda”, de Tristán e Isolda (Liszt)

Apartado nº 324 • [amigosdelaoperavigo@gmail.com](mailto:amigosdelaoperavigo@gmail.com) • [www.amigosoperavigo.com](http://www.amigosoperavigo.com)

Twitter  
[@amigosoperavigo](https://twitter.com/amigosoperavigo)

YouTube  
facebook

[www.youtube.com/user/amigosdelaoperavigo](https://www.youtube.com/user/amigosdelaoperavigo)  
[www.facebook.com/amigosdelaoperavigo](https://www.facebook.com/amigosdelaoperavigo)

## RECITAL: AS PARÁFRASES DE LISZT-WAGNER

Anne Boëls, piano

Anne Boëls naceu en París. Empezou a súa formación de piano no Conservatorio Superior de París-CNR onde obtivo o primeiro premio en 2002 antes de continuar a súa formación na Haute Ecole de Musique (escola superior de música) de Xenebra con Edson Elias e Sébastien Risler. Alí obtén o Diploma de Concerto con sobresaínte, os certificados de harmonía e órgano coa cualificación de sobresaínte cum laude e un máster en Pedagogía. Goza tamén dun máster de Acompañamento polo que recibiu un premio de excelencia na Haute Ecole de Musique (escola superior de música) de Lausana (clases maxistras de Christa Ludwig, Helmut Deutsch...).

Anne Boëls, que tamén é titular dun diploma de alto e dunha licenciatura en Musicoloxía da Sorbona, gañou varios premios entre os que atopan o Royaume de la Musique (reino da música) de Radio-France, Saint-Nom la Bretèche, Sucy-en-Brie (presidido por Geneviève Joy-Dutilleux).

Actualmente é profesora no Conservatorio Popular de Xenebra e ocasionalmente pianista acompañante das Hautes Ecoles de Musique (escolas superiores de música) de Lausana e Xenebra e do Conservatorio e Coro da Universidade de Xenebra. Anne Boëls actuou en Francia, Suíza, España, Italia e Xapón como solista e intérprete de música de cámara.



Anne Boëls